

Con motivo da publicación, o día 20 de agosto de 2025, da Orde do 6 de agosto de 2025 pola que se actualiza o modelo de papeleta de conciliación para presentar nas seccións de mediación, arbitraje e conciliación (SMAC) da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR812A), a Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, INFORMA :

Que o artigo 2 de dita orde regula a forma de presentación das papeletas de conciliación indicando que:

A papeleta de conciliación presentarase **preferiblemente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado (anexo I), dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>. O devandito anexo I de solicitude de conciliación previa fará as veces de papeleta de conciliación.

Naqueles casos nos que haxa varios demandantes cubrirase tamén o anexo II.

Naqueles casos nos que haxa varios demandados cubrirase tamén o anexo III.

A presentación electrónica será obrigatoria para as persoas xurídicas, as persoas traballadoras autónomas e as persoas representantes dunha das anteriores, así como **para aqueles que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria, para os trámites e actuacións que realicen coas Administracións Públicas no exercicio de dita actividade profesional.**

De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, se algunha das persoas obrigadas a presentar a solicitude electronicamente a presentara presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<http://sede.xunta.gal/chave365>)

Aqueles persoas interesadas non obrigadas á presentación electrónica, opcionalmente, poderán presentar as solicitudes presencialmente en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Esta orde entrará en vigor aos vinte días da súa publicación.

